

REXP

recoñecemento da experiencia profesional

¿Para que é o recoñecemento?

Para que as persoas que teñen experiencia e/ou formación non oficial, a través dun proceso de asesoramento e avaliación, poidan obter unha **acreditación oficial**, de ámbito **estatal**, con efectos:

Profesionais: acceso e promoción no emprego, e

Académicos: validación de módulos da FP inicial e/ou da FP para o emprego (desempregados e ocupados).

¿Quen pode obter o recoñecemento?

As persoas con **experiencia laboral:** polo menos 3 anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total, nos últimos 10 anos. Para as unidades de competencia de nivel 1 polo menos 2 anos de experiencia laboral cun mínimo de 1.200 horas traballadas en total, nos últimos 10 anos; **e/ou**

As persoas con **formación non formal:** polo menos 300 horas, nos últimos 10 anos. Para as unidades de competencia de nivel 1 un mínimo de 200 horas nos últimos 10 anos.

Dirixindo a súa solicitude á **Consellería de Economía, Emprego e Industria**.

¿Como obter o recoñecemento?

É necesario **inscribirse** no procedemento de recoñecemento da competencia profesional: **código do procedemento TR305A**.

Tras a publicación da **convocatoria** no DOG e no BOE, as persoas interesadas deberán presentar solicitude, no prazo indicado, acompañada do seu currículo (modelo europeo) e toda **documentación xustificativa** da súa experiencia e/ou formación.

Poderán presentar esta documentación na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera das formas previstas na Lei de procedemento administrativo.

XUNTA DE GALICIA

Fases do procedemento de recoñecemento da competencia profesional

ASESORAMENTO

Fin: Axudarlles ás persoas a autoavaliar a súa competencia e completar o seu historial profesional e formativo.

Como: Haberá unha reunión grupal e entrevistas individuais.

A quen: Ás persoas que fosen admitidas no procedemento.

Por quen: Un asesor, que será un experto profesional ou docente na materia.

Onde: Nos centros que se indicarán na convocatoria.

Resultado: O asesor proporcionarlle a cada persoa un informe orientativo e, de ser o caso, un plan de formación.

AVALIACIÓN

Fin: Comprobar a competencia profesional das persoas.

Como: A través de distintos métodos e actividades de avaliación, que poderán ser: entrevistas profesionais, simulacións, probas de competencia, observación no posto de traballo, etc.

A quen: Ás persoas que, tras o asesoramento, decidan pasar á fase de avaliación.

Por quen: Unha comisión de avaliación, de polo menos 5 persoas, expertos profesionais ou docentes na materia.

Onde: Nos centros de formación ou empresas que se determinen.

Resultado: A comisión comunicarlle a cada candidato os resultados da avaliación (competencia demostrada ou non demostrada) e un plan de formación.

ACREDITACIÓN

Fin: Recoñecer, mediante un documento oficial, os coñecementos e capacidades das persoas e conseguir un certificado de profesionalidade

Como: A Administración expediralle a cada persoa unha acreditación parcial acumulable da/s unidade/s de competencia superadas.

A quen: Ás persoas que obtiveron avaliación positiva.

Por quen: Por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Resultado: Acreditación das unidades de competencia e posibilidade de completar un certificado de profesionalidade e/ou un título de FP.

ONDE OBTEN INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN xeral sobre o procedemento: fases, requisitos, documentación, calendarios, sedes, etc.

- Nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Nas xefaturas territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Nos centros propios de Formación Profesional para o Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria: https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese?content=topic_0146.html
- No Instituto Galego das Cualificacións, tel.: 981 546 840.